

O DÍA DE BALBINO

Dous grupos de alumnos, uns vestidos como os participantes no Bloomsday e outros vestidos de labregos galegos, están en cada un dos extremos do escenario. Achéganse paseniñamente ao centro.

GALEG@1: boas. Vós sodes os do Bloomsday, non?

IRLANDÉS1: somos. Vós sodes os do Día de Balbino?

GALEG@ 1: somos. Ou queremos ser. En realidade somos un grupo de rapazas e rapaces do instituto Neira Vilas de Perillo. Pero escoitamos falar da vosa iniciativa e pareceunos moi interesante. Así que vimos enterarnos ben.

IRLANDÉS 2: estupendo! O correo que nos enviastes contando por riba o que queriades facer tamén nos gustou. Tennes moi boa pinta. Así que, preguntade o que queirades.

GALEG@ 2: pois adiante! Comezo eu porque estes todos son uns trapalleiros e trouxéronme aquí sen explicar case nada.

GALEG@ 3. nós trapalleiros? Ti que andas sempre coa cabeza en Marte e non te enteras!

GALEG@ 1: veña, non pelexedes agora, que estamos a outra cousa. (diríxese ao galego 2) Pregunta o que queiras e así poñémonos todos ao día.

GALEG@ 2: a ver entón. Que é o Bloomsday e por que vides así vestidos?

IRLANDÉS 3: o Bloomsday é o día adicado a un dos nosos escritores máis famosos: James Joyce.

IRLANDÉS 1: chamámoslle Bloomsday porque Leopold Bloom era o protagonista dunha das súas obras máis importantes, o *Ulises*.

GALEG@ 2: ai non; por aí non che paso. Ulises é unha obra grega de hai máis de dous mil cincocentos anos escrita por Homero.

GALEG@ 4: alaaaaaaaaa!!!! Ves como non te preparaches para vir aquí? Non liches a información que che mandamos?

GALEG@ 5: esa obra da que falas é a *Odisea*. Ulises era o seu protagonista.

GALEG@ 2: Espabilado, que es un espabilado. Odiseo é outro dos nomes de Ulises. De todas formas, Ulises ou Odiseo era un heroe grego, non irlandés.

IRLANDÉS 4: non che falta razón. Había un Ulises grego, o da *Odisea*. Na obra de Homero cóntase o seu preriplo polo Mediterráneo durante 10 anos.

IRLANDÉS 5: botou 10 anos combatendo na Guerra de Troia e despois, cando volvía á súa casa en Itaca, perdeuse un pouquiño navegando.

GALEGO 6: un pouquiño? 10 anos correndo aventuras fóra da casa!

IRLANDÉS 6: pois si, correndo aventuras propias dun heroe, dun guerreiro, dun home de acción!

IRLANDÉS 1: e James Joyce, o noso autor, colleu o Ulises clásico para darlle a volta completamente. Dun heroe fai un antiheroe.

IRLANDÉS 2: Leopold Bloom, o noso Ulises particular, representa o destino do ser humano moderno, de principios do século XX; desorientado, sen saber que rumbo tomar, perdido...

GALEGO 2: e logo perdeuse polo Atlántico?

IRLANDÉS 3: non, non. Este xa non colleu barco ningún. Perdeuse por Dublín adiante. Estaba algo deprimido, cunha vida un pouco desastrosa; perdido non polo mar, senón pola súa existencia.

GALEGO 2: ahhhhhhhhhhhhh... xa me vou enterando algo máis.

IRLANDÉS 4: en realidade, á parte do tema, é unha novela mundialmente famosa porque se escribe de forma moi orixinal e innovadora.

GALEGO 3: si, si. En Galicia sabémolo ben. Sabiades que á primeira lingua da Península Ibérica que se traduce un anaco do *Ulises* de Joyce foi ao galego?

IRLANDESES: siiiiiiiiii????????????????????????????????????
(Os galegos asenten coa cabeza, menos o GALEGO 2, que se amosa incrédulo).

GALEGO 4: si. Sobre 1920 había unha xeración de autores galegos moi importantes e moi cultos, a Xeración Nós, que coñecían a literatura que se facía por Europa adiante.

GALEGO 5: e ademais de escribir eles as súas obras, nunha revista que puxeron en marcha, a *Revista Nós*, informaban da novidades doutros países e traducían algúns fragmentos de libros.

IRLANDÉS 5: que interesante! E quen o traduciú?

GALEGO 1: un autor que se chama Otero Pedrayo. Agora hai pouco traduciuse a novela completa.

GALEGO 2: ben. Agora que estamos informados, poñámonos mans á obra. Que día é o Bloomsday e que facedes?

IRLANDÉS 1: nós celebrámolo o 16 de xuño, porque ese é o día no que transcorre a novela.

IRLANDÉS 2: vestímonos de época e tentamos facer o que facían os protagonistas da novela: percorrer os mesmos lugares, comer o que eles comían...

GALEGO 3: Ahá.

IRLANDÉS 3: agora tócanos a nós preguntar. Temos varias curiosidades despois de ler o voso correo. Falastes dun tal Balbino. Quen é?

GALEGO 4: Balbino é o protagonista de *Memorias dun neno labrego*, un dos libros máis traducidos da literatura galega e un dos personaxes máis queridos por todos os galegos.

IRLANDÉS 4: ahhhhhh. E que lle pasa a Balbino?

GALEGO 5: é un rapaz labrego que narra a súa vida na aldea e que se opón ás inxustizas dos poderosos.

(*os irlandeses asentén*) IRLANDÉS 5: mola! Seguro que a nós tamén nos gustaría ese Balbino.

GALEGO 2: seguro. Balbino si que era un heroe!

GALEGO 3: o seu autor foi Xosé Neira Vilas. Como é tan importante e como nós estudamos no instituto Neira Vilas, cremos que temos que promover un Día de Balbino XA.

(*todos os galegos asentén*)

IRLANDÉS 5: parécenos moi boa idea, tío. No que queirades botámosvos unha man. Incluso podemos facer un Día dos dobre B: Balbino e Bloom ao ataque!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

GALEGOS (*levantando a man*): siiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

GALEGO 4: hei, hei rapaces. Está moi ben ese entusiasmo. Pero hai que buscar un día e un xeito de celebralo.

GALEGO 5: e se poñemos o día que naceu Neira Vilas?

GALEGOS: Si,si

GALEGO 1: moi boa idea. Naceu un 3 de novembro. Xa temos día!

GALEGO 2: perfecto! Pois podemos ir vestidos como os nenos dos anos 60.

GALEGO 3: e que facemos?

GALEGO 4: xa sei, xa sei, xa sei! Podemos ir a unha aldea e xogar a xogos populares, facer unha festa, facer unha camiñata á beira do río...

GALEGO 5: estupendo!! Ademais como é novembro, podemos apañar castañas e facer un magosto tamén!

GALEGOS: siiiiiiiiiiiiiiiiiiiii...

GALEGO 1: hai que perfilar a idea, pero está moi ben.

IRLANDÉS 1: véxovos xa perfectamente encamiñados. Para este ano contade con nós. Temos moitas ganas de coñecer Galicia e ver se realmente nos parecemos tanto.

GALEGO 2: que ben tío!!! Estadades convidados. De aquí vai xurdir unha bonita amizade. Estouno vendo.

IRLANDÉS 2: up up urra polos B ao cadrado!!

TODOS: URRAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA

GALEGO 3: Up up urra polo Día de Balbino.

TODOS: URRAAA.